



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza presenta unha moción de apoio ás mobilizacións dos/das xubilados e en defensa dunhas pensións dignas

No próximo pleno debaterase a iniciativa presentada por Veciñanza, que fai público o seu apoio a estas mobilizacións e que busca que o resto de grupos así o fagan tamén. Veciñanza critica o ataque que durante os últimos anos se vén producindo contra o sistema público.

Cuntis, 19 de marzo de 2018. Veciñanza vén de rexistrar unha moción de apoio ás mobilizacións do colectivo de xubilados/as e pensionistas que durante as últimas semanas se vén mobilizando en defensa dunhas pensións dignas e contra a insultante suba do 0'25% do Goberno do Partido Popular. No texto da moción arguméntase que o Goberno de España está a incumprir o artigo 50 da Constitución Española ao non garantir 'a suficiencia económica' dos cidadáns da terceira idade, tal e como establece o citado artigo. Ao non revalorizáronse, como mínimo, en función do IPC, o custe da vida aumenta máis que a revalorización das propias prestacións.

Veciñanza tamén fai cronoloxía do proceso de deterioro do sistema público de pensións, en claro beneficio para os plans privados. Recordamos que xa o Goberno 'socialista' de Zapatero conxelou as pensións e acordou boa parte do que está a executar agora mesmo o Partido Popular de M. Rajoy. O PSOE foi quen aumentou a idade de xubilación dos 65 aos 67 anos e que 'pactou' a introdución do chamado factor de sostibilidade, que non é máis que un mecanismo de empobrecemento das pensións.

En Galicia, case un 60% das pensións están por debaixo do SMI, e estas sitúanse de media un 15% por debaixo da media estatal. Esta precarización afecta de maneira máis acentuada, segundo confirman os indicadores, ás mulleres. O ataque ao sistema de pensións execútase fundamentalmente por tres vías: atraso da idade de xubilación, recorte das novas pensións e supresión da garantía do mantemento do poder adquisitivo.

Veciñanza comparte a vía da mobilización como xeito de defensa das pensións públicas, así como as propostas de reforma do sistema que sexan necesarias para a súa sostibilidade. Veciñanza fai público todo o seu apoio ao colectivo de pensionistas e xubilados/as que nestas semanas se está a mobilizar e a dar unha lección de dignidade fronte a un Goberno que practica o insulto mentres gasta inxentes cantidades de fondos públicos en asuntos que están lonxe do interese social.

